


RUMBO⁵ a MundoBi

EDLG ≡ IES San Clemente ≡ Santiago de Compostela

Rumbo⁵ a MundoBi

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
IES San Clemente, Santiago de Compostela



Título: Rumbo nº 5

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega - IES San Clemente
Rúa San Clemente s/n - 15705 Santiago de Compostela - Galiza
www.iessanclemente.net/edlg

Licenza: creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0
Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo.
Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza.
Debes atribuír as obras aos autores.
Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais.
Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras.

Website: www.iessanclemente.net/rumbo

Contacto: edlg@iessanclemente.net

Deseño editorial: Cristina Puga Fernández

Coordinación: Marcos Vence Ruibal

Revisión: Isabel Gamallo Gómez e Lourenço Álvarez Ruiz

Ilustracións:

Portada: Cristina Puga Fernández e Marcos Vence Ruibal

Contraportada: Nerea Alonso Iglesias

Páxina 7: Nerea Alonso Iglesias

Páxina 10: Sonia Dopazo Abal

Páxina 11: Cristina Puga Fernández

Páxina 12: Conchy Álvarez Rilo

Páxina 20: Nerea Alonso Iglesias

Páxina 23: Sheila Castro Álvarez

Páxina 28: [FreelImages.com/Marius B. Eide](http://FreelImages.com/Marius.B.Eide)

Impreso en Galiza: Create - Santiago de Compostela

Primeira edición: Xuño 2020

ISSN: 2529-8798

Depósito Legal: C 809-2016



Quinto número da publicación "Rumbo"

Nesta publicación do EDLG pretendemos recompilar e dar visibilidade a todo o material que ano tras ano xuntamos grazas aos concursos (literario, de postais e de marcapáxinas) e aos certames de relato breve e de microvídeo, entre outros.

Lembrede que todos os membros da comunidade educativa tedes a porta aberta para publicar os vosos textos, opinións, reflexións, imaxes e ilustracións, sen maior pretensión que a de ter unha lembranza de cada ano escolar no IES San Clemente.

Animádevos a participar!

Rumbo a MundoBi

Se non houberse pandemia, agora deberíamos estar falando sobre o lusismo, xa que Ricardo Carvalho Calero é o primeiro autor reintegracionista na historia das Letras Galegas en ser homenaxeado. Con motivo deste acontecemento, queremos presentar a proposta do Binormativismo da AGAL, asociación que aposta por unha estratexia chea de ideas positivas e construtivas. Consiste en que oficialmente se poida escribir en galego usando os estándares oficiais na Galiza e en Portugal. Máis información: <https://a.gal/binormativismo>



Índice

10º concurso de felicitacións de aninovo.....	4
5º certame de relato breve.....	6
5º certame de microvídeos.....	15
33º concurso literario.....	16
10º concurso europeo de marcapáxinas.....	32
Día de Europa 2020.....	34
Proxectos eTwinning.....	35
Outras actividades.....	36

10º concurso de felicitacións de aninovo

Violeta Prieto Álvarez

1º premio



Andreea Birsnau

2º premio




Alejandro Martínez López

3º premio



Rebeca Ledo Barreiro

3º premio



5º certame de relato breve

ARDE!! 28 de Xuño de 2017 - Damián Garrido Portela

Olor amargante e asfixiante na herba ensuciada e negra.

Tristura animal e unha nova malleira en forma de lume que o queima todo, unha vez máis.

O recordo exhausto do monte deserto, a cor escura do calcinado en lugar do verde pacificador e o cheiro a fume, que non quere marchar das vilas e as aldeas despois da traxedia. O detallado sol é un inimigo público que se alía con el para acoller os escuros soños de alguén.

Castiga a dor do compañeiro esgotado, as altas lapas que cobren as pólas secas, cheas de cálido brillo vermello.

Queredes vernos mortos ou quizais feridos? Preguntaban as árbores, que non comprendían aquel tormento cando tanto se esforzaban por dar tanta vida. Pero os humanos non sabían ou non querían escoitar nin responder as súas preguntas.

Xemidos e chamadas de dor dos que sofren polas feridas e queimaduras que o lume lles deixa. Ollos castigados polo fume e o calor abafante nos rostros valentes dos que loitan, querendo afogar as lapas a poucos metros xa das súas casas.

Tenta esmagar a túa proba de devastación e culpabilidade na terra maltratada, ano tras ano, verán tras verán con falsas excusas. Sen escoitar os queixumes das pólas ao seren sometidas á súa conversión en cinza. Namentres ti gozas, vendo dende lonxe, como todo arde. Ou namentres ti esfregas as túas mans pensando no beneficio que terás nun futuro próximo. Bailes flácidos e sosos de pillos, agochados detrás de suaves gravatas e camisas, que cheiran a cartos podres.

O aire viciado por completo fai que custe respirar, débiles berros de insectos, xa medio secos, erguen un novo medo onde o medo xa reina. Pero a devastación continúa e os traballos non recrúan, ata que as

primeiras pingueiras dunha chuvía alentadora, axudan a rematar unha tarefa que semellaba imposible.

Breve reflexión emocional - Nerea García Porto

O Sol sae tímido entre as nubes, con medo de que os demais só pensen na chuvía e non en como pode chegar a alumear o día de calquera. Ambas as cousas son necesarias, pero non excluíntes. Igual que os días de Sol non poden durar para sempre, os días de chuvía tampouco o fan.

Eu son chuvía e son Sol, pero non sempre podoo ser Sol nin sempre son chuvía. Son tempo atmosférico, que non clima. Son inestable e non me define un longo período de tempo. Ás veces podoo ter etapas de máis Sol e outras de máis chuvía, pero iso, ao final non define máis que épocas sentimentais non permanentes, non a unha persoa, non a quen son eu.

Son máis que unha dualidade emocional.



A vida é agora - Eloy Portas Alcalde

Que é iso que chamamos mente que ás veces nos xoga malas pasadas que non se aliña cos nosos sentimentos e é unha Distorsión de realidade.

Ata que es consciente de todo o que fixeches no meu, sentido e vivido nesta vida realmente espertas dun estado onde xa todo pasou e só nos queda o presente que xa é suficiente.

A nosa intención é para o futuro e a nosa atención é para o presente.

Inherente a todo desexo áchase o seu mecanismo para o seu cumprimento.

Na sabedoría da incerteza propósitos ocultos seguen o seu propio curso.

Faremos un pequeno matiz do noso ego eu defínoo así.

Se non foi por algo que dixen. Se non foi por un feito.

Por un mal momento.

Foi todo un personaxe chamado ego.

Ata que es consciente de todo o que pensamos e sentimos que está a crear a nosa realidade e non nos deixamos ir como un barco nun mar de ondas á deriva.

Quédannos os nosos sentimentos se estamos alegres sentimos amor e alegría e se estamos tristes temos malos sentimentos que nos afastan do noso poder.

E definímonos por algo que xa pasou e iso non é así iso é o estado residual das nosas accións e pensamentos,

Se nos definimos por iso condenámonos a non ter máis do mesmo no futuro.

O pasado é historia o mellor momento é este, o aquí e o agora por iso chamámoslle presente.

A vida é agora.

Pitagóricas - Antom Labranha Barrero

Cando Noela e Carme, irmás xemelgas, se mudaron a vivir ao campo cos seus pais, ían moi ledas ...pero non contaban cos novos traballos que lles acaerían.

A súa casa estaba nunha parcela empedrada, a xeito de triángulo rectángulo de lados de 26, 24 e 10 metros. En cada lado tiñan unha campeira cadrada, nas que haberían botar herba, poñer flores e plantar árbores de froito.

Durante días, a familia imaxinaba fermosos hortos e xardíns. Decidido ao fin o que facer, a nai díxolle a Noela que limpase o campo grande e a Carme que limpase os dous campizos pequenos. Tanto unha coma a outra protestaron enfurruñadas, dicindo que lles tocara a peor parte.

Con todo, acabarían realizando cadansúa tarefa. Tomaron o seu tempo, iso é verdade. Primeiro enredaron no conto, facéndose as vítimas. Despois, ambas as dúas tiveron idéntica idea:

Noela espetou, de metro en metro, estacas polas catro beiras da súa parcela. Logo, refolgando para aparentar fatigada, cun fío foi urdindo unha cuadrícula.

Ao mesmo tempo, Carme facía o propio nas súas dúas partes, refolgando tamén.

Xuntas comezaran e xuntas remataron.

Agora imos contar; dixeron ao unísono.


Contou Noela, dando pasos de xigante de cadro en cadro. Arfaba! Arestora non finxía.

Contou Carme o maior dos seus dous campizos, dando pasos de xigante de cadro en cadro; arfando, naturalmente. Fáltanme moitos? Preguntouse ollando desconfiada a parceliña pequena que lle quedaba. Continuou, sumou aos que xa tiña e...

Temos os mesmos! Exclamaron ao tempo.

Viñéronse ás boas. Metódicas, puxéronse a debuxar no caderno triángulos rectángulos coas súas respectivas parcelas cadradas a cada lado. Agora en centímetros, enchíanas de cadradiños: sempre a campeira grande igualaba en número á suma dos campizos pequenos.

Un xornal deu a noticia do seu descubrimento e todo o mundo na contorna as chamou "as pitagóricas".



A lenda de Manuela - Omar Mohedano Haz

Manuela é unha rapariga de vinte e tres anos. Tranquila, alegre, aventureira, así é Manuela. Estudou Filoloxía e agora anda en busca de traballo.

Un día, coma tantos outros, Manuela saíu camiñar polo monte. Aínda que ese día non ía ser como a maioría. Fixo o seu percorrido habitual, no que acostumaba entrar nunha cova que só uns poucos coñecían. Cando se dispuña a chegar, observou un reflexo, algo brillaba na entrada da cova.

Era un compás de orientación. Un compás estragado.

Nese mesmo instante, un mar de preocupación percorreu o corpo de Manuela. Talvez alguén estivese perdido nese inmenso monte e, case sen pensalo, decidiu pórse a buscar pola súa conta, algún indicio que apoiase a súa teoría. Entrou na cova, e non observou nada que chamase a súa atención. Despois percorreu uns dez quilómetros polos perigosos camiños, ata que comezou a escurecer. De repente acendéuselle unha luz: se alguén segue perdido a esas horas, o normal sería que volvese á cova para non pasar a noite á intemperie. E talvez tivese deixado o compás para recoñecer a entrada, xa que fácil de ver non era.

Hoxe hai un ano que ninguén sabe que foi de Manuela. A única pista que se atopou, e que os pais recoñeceron como propiedade dela foi o compás estragado na entrada da cova.



O tiracroios - Concepción Álvarez Rilo

Bieito era un cativo que inda ía da man da nai. Gustáballe xogar ás bólas cos seus amigos e tamén ao fútbol, inda que isto non se lle daba moi ben. Facía de porteiro e coábanlle todos os balóns. O seu grupo estaba tan anxado que un bo día lle deu un ultimato: ou empezaba a parar os goles ou botábano do equipo. De aí que o rapaz comezou a poñer máis entusiasmo no xogo e xa paraba algún penalti. Portar portábase ben, pero era un pouco mal estudante.

Unha tarde que ía de compras coa súa nai, esta ollou nunha tenda un tiracroios, e ocorréuselle a increíble idea de mercarllo, dicíndolle que se ese trimestre sacaba boas notas deixaríalle xogar con el. O neno estudou a fume de carozo, tanto foi así, que ao terminar a avaliación o certificado mostraba algún notable e algún que outro sobresaliente. A nai non daba crédito, e abraiada polos resultados que obtivera o neno, deulle un bico moi grande e decontado cumpriu co prometido, entregándolle o mencionado obxecto. O pícaro non podía estar máis ledo e axiña saíu á rua para xogar co novo xoguete. Botou cara ao parque, e encheu de pedriñas os petos até que xa case botaban por fóra, e o próximo que lle veu á chenchu foi o seguinte: “A quen lle deu coa china?”



Os cabalos - Marcos Arias Quintela

Desde onde estou volvo a escoitalos, golpeando todo que se encontra no seu camiño. Eses golpes son como un traqueteo incesante, semellan pequenos cabalos que galopan sobre as xanelas, os tellados e os montes. Ao comezo parecían poucos, lentos como cansos, mais agora a eses únenselles máis e máis cabalos que trotan sen cesar facendo que a noite se encha do seu balbordo incesante.

De cando en cando soa un grande estrondo, aí están os cabalos rinchando, achegándose cara a min e volvendo a rinchar e resoprar cada vez máis veloces, seica están nunha carreira aloucada.

E cos rinchos e os resopridos, un lóstrego, coma se de cascos de aceiro se tratase chocando contra as rochas das montañas. Son relampos que van do ceo á terra ou da terra ao ceo, quen sabe onde están os cabalos. Eses relampos semellan sinuosos camiños de luz branca na escuridade que fan que a noite pareza o día, aí están os cabalos co seu zarandear incesante.

Pero, quen vai ao lombo deses cabalos, quen os guía a través da espesura da noite. Será o vento que os domina, será o vento que os dirixe, achegando esa cohorte de animais desbocados.

Agora que eles está aí fóra ninguén sae, ninguén ousa desafialos, ninguén quere ser pateado por eses cascos de aceiro.

Finalmente, os cabalos afástanse do mesmo xeito que cando chegaron. Primeiro, os alustros dos cascos fanse máis distantes, despois os rinchos escóitanse máis e máis difusos, o vento agóchaos. Por último, son os propios cabalos que van quedando cada vez menos e máis lentos, só uns poucos fican atrasados a quen xa ninguén teme afoutar nesa noite espesa.

Repoboando a memoria - Carme Otero Cruz

Compostela, 29 de febreiro de 2020

Chelín e María Isabel,

Querid@s amig@s, agardo que ao recibo da presente sigades ben. Eu, despois de visitarvos, moito mellor, a Deus grazas.

Contarádesme que no Barrio de Cascallá, parroquia de Rubiá, só vivían catro persoas e que no verán medraba o número de residentes, así como agroman os xardóns na Enciña da Lastra. Cousas desta Galiza baleirada, diciades con ton aborrecido.

Porén, este entroido valdeorrés acubillou máis presenzas que cavorcos, máis fariña que cernada. Xa pouco antes de chegarmos, descubrimos que Urbano volvía queimar leña arreo e que Luís chegara de Colombia para prender as luces do tele-club do Castelo, aínda que fose con Larios-Cola. Axiña, por alí xurdiu Luísa, na procura da última raiola da tarde; Paquín, á chamada daqueles con vontade de tirar tabiques; Paco, noutrora sex symbol e agora amo e señor dun Mercedes e dos seus silencios; Sito, patrón de obra e de cans espertadores de forasteiros sen cobertura; Regina e Manolo, anfitrións de mesa e mantel; Rocío, o Piernas, Edelmiro, algún con varias colleitas adiantadas, outros, aos biosbardos e, sobre todo, Maximina, que en papel de carta de 1948 agochaba segredos pero enviaba desde Barcelona teas con flores e bragas para as mulleres, pantalóns e calcetíns para os homes e esperanza para Miguelín, o neno máis necesitado do Barrio. Onde acaba a pobreza e comeza a miseria?

Seguindo o exemplo, eu ansío para ambos os dous unha chea de pellets e ósos de olivas deses que crean fogar, o encontro nos Penedos de Oulego coa bolboreta do mediodía e que nunca esmoreza a busca do abelleiro de plumaxe multicolor nesa serra de lavanda e tomiño.

Sen máis, recibide todo o cariño da vosa amiga que non vos “olvida”.


Carme da Almáciga.

P.D.: Tea asfáltica, sempre!

5º certame de microvídeos

No quinto certame presentáronse catorce traballos. Foron seleccionados doce e publicados nesta lista de YouTube:

tinyurl.com/microvideos-2020



The screenshot shows a YouTube interface. The main video player displays a scene with a man in a blue Adidas shirt and another person in a dark hoodie near a recycling bin. The video progress is at 0:33 / 0:40. To the right, a playlist titled '5º Certame de micro vídeos' is visible, listing 6 videos:

- 5 Certame - Equipo de Dinamización da Lingua... (0:17)
- Un simple xesto importa: Recicla - Salvador Carnota e... (0:41)
- Telemerda: NADA - Asier Fachado Remo e Alberto... (1:28)
- Reparto express - Enrique Carretero, Gabriel Bouzas e... (1:31)
- Para que serve un informático? - José Manuel Carretero, Xosé... (1:18)
- Resistindo - Marcos Vence Ruibal (1:05)

33º concurso literario

1º premio na modalidade de poesía

A choiva non arranxa nada - Antonio Requejo Ferreiroa

Son as oito
soan as potas,
marcha o sol
andaba ás voltas.
Chega a noite, vense luces ao lonxe.
Pétalle o demo na porta.

Silencio.

Xa non quedaba recuncho inexplorado no seu cuarto.
Ir ao balcón, semella unha viaxe.

Ela.
Non ten tempo, pero ten tempo.
Non ten fame, pero rebenta.
Como pode ser que teña morriña estando aquí?
Por que só pensa na cidade se está nela?

Cheira a cinza.

Non ten tempo, pero ten tempo.
Está cansa, quere festa.

Fume.

Pecha os ollos,
imaxínase deitada,
deitada á sombra,
a sombra dun carballo.

Imposíbel!

Cando estivo ela a sombra dun carballo?

Aprenderá algo desta?

Aprenderemos?

Lume.

Non ten tempo, pero ten tempo.

Está lonxe mais tenos ao lado,
séntese soa mais está acompañada.

Comeza a chover.

E pésalle.

E pésalle o corpo.

Ela,

que non coñecía o que era botar de menos,
ata que botou de menos a rúa.

Ela,

que non coñecía o que era botar de menos,
ata que botou de menos o cheiro a peixe da praza.

Ela,

que non coñecía o que era botar de menos,
ata que botou de menos o bulebule da xente.

Ela,

que non coñecía o que era botar de menos,
ata que botou de menos.

A choiva non arranxa nada.

Non ten tempo, pero ten tempo.

Non ten medo, pero ten medo.

Sairemos desta?

Sairemos?

E volta a petar na porta.
Entra.
Veu polo vento,
coma se fose un morcego.
Voa en círculos arredor do teito.
non hai quen o espante,
xa está dentro.
Fáltalle o aire.

Berros.

Escóitase unha voz militarizada.

-FOGO!

Fai calor, pero ten frío.
Os latexos do seu corazón,
cada vez máis pausados.
Sente,
sente que non sente nada,
atravésalle unha bala,
unha bala prateada.
Vaite demo!
Déixaa en paz, déixaa viva.

Ela, que resistía no medio da guerra.
Descansa miña rula, xa pasou todo.
Ela, que non era de Vigo, senón de Alepo.
Ela, que non tiña tempo,
pero tiña todo o tempo do mundo.

Xa queda un día menos.

2º premio na modalidade de poesía
Amelia - Patricia Córdoba Fernández

Busco refuxio nos teus ollos
a túa mirada, mira para fóra
recordo cando era novo,
recordo cando eras nova.

Escoito o zoar do vento,
as pólas das árbores móvense
Que esteas ao meu carón, consólame

Aqueles paseos, aqueles recordos
agora semellan un soño...
afastándote de min ,
chega o maldito silencio .
Cando mo dixeron non puiden crelo...
Fico mirando para ti... sorrís,
O teu sorriso faime feliz.

Sei que estás aí, síntoo
cando te asustas, os meus brazos consólante
buscas refuxio en min,
as pólas das árbores móvense.

Morte en vida, a dor da miña alma
canto me coidaches meu amor...
eu só quero morrer ao teu carón.

Mil guerras pasaron
máis dunha moeda,
medrando xuntos con paixón
compartindo a dor e a escaseza.

Só unha vella bata e uns zocos de madeira,
aquela rapaza nova coa súa vaca na pradeira
aquele rapaz novo coas súas ovellas

O amor chega sen dar contas
como a suave brisa do solpor
pechando os ollos e levitando
cunha paz inmensa no corazón.

Tí non sabes quen son... ou si?
Ás veces chamas por mín,
os teus ollos buscan e os meus brillan...

O paso do tempo é unha condena
non quero que me ceiben destas cadeas,
os recordos son o que me queda
a túa presenza , cura a miña pena

Morte en vida, a dor da miña alma
canto me coidaches meu amor...
eu só quero morrer ao teu carón.



2º premio na modalidade de poesía
En tempos de pandemia - Ana María Vilar Santos

No medio deste mundo caótico e iracundo,

onde un puñado de moedas vale máis que unha vida, como na época de Xerusalén, o ansia de poder cega o corazón do humano.

Valente o que estende unha man sen esperar nada a cambio máis que a satisfacción do sorriso dun neno, dun aplauso sincero dende calquera balcón.

Xeración de sobreviventes,

Cantas ilusións e cantos desenganos!

Sae da alma como raíces o mellor de nós mesmos, moitos non figurarán nos libros de historia, pero fan grandes cousas polo mundo.

Aqueles que loitan pola igualdade, que motivan o desanimado e debuxan un arco da vella de esperanza nunha folla de papel.

A terra manifesta o seu descontento, chora cada árbore e cada animal extinto.

Que lingua empregaría a terra se puidese falar?

Mentres tanto, os pequenos inventores das mellores aventuras xamais contadas, só anhelan entender, correr polo parque, abrazar os que coñecen máis da vida que o máis sabichón.

Un invisible inimigo, e todos somos iguais. Non importa se es máis de música clásica ou de rock and roll, se te atopas en liberdade moral ou preso de idealismos. Calquera de nós lembrará esta pandemia, moitos quedarán marcados, outros partirán; pero seguiremos aquí, loitando polos nosos, polos amigos, polos veciños, os compañeiros de traballo, as mascotas, os nosos bosques e praias, as montañas e os ríos, porque somos fortes e adaptámonos a todo, porque nada pode vencer as nosas ganas de vivir.

Que grande é o ser humano e canto queda por rir...

***Accésit na modalidade de poesía
Ab aeterno de M^a Concepción Álvarez Rilo***

Onte quixen morrer
Ao non sentir teu anhelos
De cinguirme e amarme
Que triste momento.

Quixen coidar a miña alma
Do horrible desterro
E sen saber como
Invadime o desconcerto

Non podía comprender
Por que escurecía
Se amencía a mañá
E o xardín florecía

Máis case sen querer
Encontrei resposta
Ás miñas penas tenaces
Ás miñas duras penas

Amar é amar, meu doce Romeo
E esquecese a dor
Cando se van as abellas

Hoxe quero vivir
E levanto o meu ánimo
E procurarei existir
Feliz ao teu lado

Porque non hai desexo
Máis grande que teña
Que querer para sempre
O home que amo.

Accésit na modalidade de poesía

Horror civilizado - Damián Garrido Portela

O irremediable soño do ser humano do primeiro mundo
A procura da comodidade nun espazo que dificulta a supervivencia
A arte de reprimir o reprimido e matar o medio morto sen xustificar as causas
Corpos invisibles que non descansarán mais, afundidos no mar ou esquecidos baixo terra
Pobres desgraciados, crendo ser por dereito propio mestres e señores de todo o que nos rodea
O avanzar dos días, que cara adiante escapan sen piedade ventando morte
Progreso corrompido, que altera o que pacificamente cohabitaba de xeito natural e sen esforzo
De súpeto enxergar o abismo e sentir a obriga de recomezar
Decátaste por fin do feble que es?



1º premio na modalidade de relato

Superej, supereime e volví a ser eu - Nerea García Porto

Prendiches lume baixo a chuvia. Calquera diría que é un milagre, se non fose porque ese lume consumiu o único que aínda seguía a pertencerme: eu mesma. E aínda así dubido de que eu fose miña. É duro pensar que non era máis que pezas que fuches colocando disimuladamente ata construír unha persoa nova, o reflexo do que querías que fora. Tamén é duro pensar en toda a xente da que me apartaches sen dubidar en que crería todas as túas teorías de como eran malas compañías para min. É duro recordar a primeira vez que fuches agresivo coa parede, coas botellas que rompías de festa... todo porque pegarme a min era demasiado que afrontar, mellor intimidarme pegándolle a outras cousas. Como ao can, como a aquel ser de luz que adoptamos xuntos. “Pégalle”, ordenáchesme unha vez. Non sei por que mo pediches, pero non o fixen, así que xa te encargaches ti de facelo, como dándome unha lección de como e quen manda. Tiña medo ás veces, pero xa era un medo acostumado a ti. Máis medo me daba escoitar da boca dos meus amigos que se non te deixaba, nuns anos pegábasme. Así abrín os ollos, bruscamente. Non sei se era o máis correcto ou non, pero así decidín marchar do teu carón.

Marchar significaba que eu fose miña de novo, pero non foi de todo así. Fluín entre ti e mais eu, fluín como unha onda en ir e volver a un mar ao que non quería volver, aínda que á vez sentíse que o necesitaba. Eras como unha droga da que quería desengancharme, pero da que tiña síndrome de abstinencia. Fluín, pero finalmente marchei para non volver.

E aquí comezaba a historia de eu sendo miña. Pero xa non coñecía a esa persoa, xa non estaba tan segura como antes, xa non... xa non era eu. Aínda así, non me rendín, non tirei a toalla, porque non era ese eu que quedara atrapado no comezo da relación contigo, xa non era ese eu que ti construíches. Agora tiña que construírme, volver ao principio, a baixo terra, aos cimentos do meu ser. Agora tiña que volver a inventar ese eu mesma. Tiven medo, inestabilidade e pasei por moitos procesos internos que non recomendo á saúde mental de calquera. E o mellor de todo é que xa non me encerro, agora permito a dúbida, permito cuestionar, permito que a

adulthood poida entrar en min. Xa non son a adolescente que cría en todo sen dubidar nin cuestionar, xa non vivía baixo ningún dogma, xa non tiña ese medo a non pertencer a ningún sitio. Pertenzo a un sitio marabilloso, ao meu mundo interno. O mellor de todo é que sigo cambiante, sigo crecendo e sigo construíndo.

A eu de agora aínda non se valora como cre que debe, segue a ser insegura, pero superou tamén moitas cousas que non lle gustaban dela. A eu de agora prométese tratarse mellor e non deixar que ninguén, nunca máis, a faga dubidar de quen é e a onde se dirixe. Dirixirase a onde ela queira de verdade e recuperará toda a esperanza que lle arrebataches. Agora eu si son miña.

2º premio na modalidade de relato

Otto H. Frank - Juan Carlos Fernández Insua

Espertei asustado, suando de maneira abundante coma se dun escravo traballando nun campo de algodón se tratase, sen folgos, cun terror que me facía mirar a todos os lados por medo a calquera ameaza. Todo foi un pesadelo, ou máis ben, unha viaxe no tempo ata as lembranzas máis horripilantes. Xa pasaran seis anos dende a Gran Guerra pero cando os teus ollos son cómplices de tanta atrocidade, o tempo carece de fórmula cicatrizante algunha na memoria.

Aínda lembro as palabras daquel oficial do meu pelotón durante aquela mañá, onde todos iamos como floreiros bonitos e resplandecentes, desfilaro ao igual que pezas de dominó ordenados de forma sistemática. Esquecín por completo o seu nome, pero as súas palabras recórdoas como o primeiro día que se fixo negro naquel burato noxento e putrefacto, onde eras o alimento preferido das ratas.

- Ánimo Tenente, o tempo todo o cura - dixo o oficial logo do desfile militar.

Eu simplemente asentín coa cabeza. Non podía estar máis equivocado. Dende o inicio da guerra a todos nos comunicaron que sería un conflito rápido e que no Nadal volveríamos ás nosas casas, a abrazar os nosos fillos,

a bicar as nosas mulleres. Durante catro anos o único que abracei foi o meu fusil MG-98 e o único que biquei foi o po do chan. Pero ese día ningún nos asemellabamos a algún dos días nos que estivemos combatendo na fronte. Entre saúdos recibía algunha felicitación polo meu traballo durante a guerra, pois segundo o exército e os meus compañeiros compatriotas fun un home de gran valentía para dar exemplo a todos os alemáns. Fun premiado cunha figura que semellaba unha cruz negra, a min non me gustaba, era fea, con cores escuras e algo pesada para levar no uniforme. Pero valeu a pena polo simple feito de que por unha vez durante a miña estancia no exército, todos me ollaban e me respectaban, era alguén importante dentro do Imperio Alemán. Como imaxinar o que viría despois.

II

Edith estaba moi guapa, radiante. Tiña o cabelo de cor negra e brillaba coma un diamante en bruto ao sol. Eses ollos azuis, coma o mar, perfecto que se confunde co ceo. Unha pel branca e fina como o azucre e uns beizos de cor encarnada como o sangue. Era maio de 1925, ía casar coa muller máis fermosa da cidade. Un ano despois, a súa beleza dividiuse en dous anacos, naceu a miña primeira filla, Margot Frank, e tan só tres anos despois, un terceiro trisco dou vida a Ana.

Cando Hitler acadou o poder en 1933, vímonos obrigados a saír do país, escapamos aos Países Baixos. Nunca entenderei como o ser humano é quen de xulgar a outro da mesma raza e apartalo da mesma por unha cuestión étnica, de cor ou pola súa sexualidade, pero o máis aterrador de todo non é a marxinação, é a exterminación. Como marido e pai de dúas fillas, fixen o que calquera home faría pola súa familia, protexela incluso coa miña vida se fose necesario. Fomos dar a capital do país e eu comecei coma un pequeno contribuínte nunha empresa nacional de especias que nos daba a facilidade para vivir minimamente durante o período que durase a guerra. Para a nosa sorte, iso non durou demasiado, pouco despois os alemáns tamén invadiron Ámsterdam e tivemos que refuxiarnos no almacén onde traballaba.

Durante os vinte e cinco meses que estivemos agochados decidimos tomalo coma un xogo, no que os alemáns non podían dar co noso agocho se queriamos gañar. Para a nosa desgraza, non foi así.

III

- Alto! Mans arriba! Que non se mova ninguén! Parece que estivédes unha boa tempada de vacacións eh! Pero é hora de volver ao traballo, non todo vai ser diversión- dixo un oficial das SS que estaba ao mando mentres ría á súa vez.

Despois de que nos atopasen, Ana non paraba de mirarme con cara de puro medo. A min como pai, caíaseme o corazón ao chan por non poder explicarlle o que estaba a suceder. Ao día seguinte, aínda non saíra o sol, pero pronto nos volveron a transportar a outro lugar. Esta vez obrigáronnos a subir a un tren de carga no que non cabía nin unha persoa máis, pero fóra de toda súplica dos que alí estabamos, collíannos e sacudíannos coma animais, empurraban e golpeaban de calquera forma de modo que coubésemos todos os que se lle antollasen aos soldados alemáns.

Conseguimos ir todos sen separarnos no mesmo vagón. Había de todo; homes coma min, mulleres e nenos. Case todos iam de pe. Non tiñamos sequera un cuarto de baño e tiñamos que facer as nosas necesidades nun cubo sucio que había nun lado do vagón. Ao cabo dun tempo o olor fíxose insoportable. Eran altas horas da madrugada cando ao terceiro día, o tren se detivo finalmente. Abríronse as portas e o primeiro que vin foi a uns homes que ían cun pixama a raias todos iguais cun número gravado no peito. Ao fondo había mais soldados da SS, con cans gritando a todos os homes que estaban vestidos igual. Tan pronto baixamos do tren mandaron facer dúas filas, unha cos homes a un lado e outra con mulleres e nenos. A partir dese instante souben que nunca máis volvería ver a miña muller nin as miñas fillas.

IV

Auschwitz, foi o que me escribiu un soldado soviético, o 27 de xaneiro de 1945. Aínda lembro a data exacta, coma se dun exame de historia se tratase. A guerra parecía chegar ao seu fin e eu pouco despois volví a Países Baixos, pero esta vez só. Atopei a casa na que estiveramos agochados e nela a unha muller que era coma unha nai, Hermine. Ela coidara de todos nós durante o tempo que estivemos refuxiados aquí durante a guerra.

Levaba apenas seis meses na cidade cando un día todas as miñas últimas esperanzas se desvaneceron por completo. Finalmente, en xullo, recibín a noticia de que nunca mais volvería a ser home da miña muller e pai das miñas fillas.

Trinta e cinco anos pasaron dende a segunda Guerra Mundial. A segunda que levo nas miñas costas e aínda sigo vivo, pero non me vexo con forza algunha para superar tamén esta terceira guerra. A diferenza do resto dos inimigos cos que combatín, este non dispara, non corre, non salta, non grita, simplemente esta aí, e pouco a pouco, batalla tras batalla, sinto que me gana máis e máis terreo. O home é o ser máis intelixente que coñecemos e á súa vez o máis irracional. Se en vez de andar a matarnos uns con outros usáramos o uso de razón para coidarnos e progresar como seres humanos, tal vez agora, tería unha cura para o cancro.



Accésit na modalidade de relato

Vida Nova - Rubén Campos Guimarey

Era tempo de verán. O primeiro raio de sol entraba pola fiestra, outro novo día comezaba. Aquela era a única fiestra do cuarto, e pola cal podía percibir un anhelos de liberdade, daquela prisión na que me atopaba. Aquel lugar era frío e tan só unha liviá saba me cubría o corpo espido, e que me amainaba o sufrimento e a agonía daquel inferno. Os días corrían e a soidade íase apoderando de min facéndose a miña compañeira, unha amiga leal que sempre che fai compañía nos momentos máis difíciles .

Como estaría a avoa? E mamá? Inquietanzas que non obtiñan resposta e que non podían saír do meu pensamento, que me atormentaban e me cubrían dunha lúgubre loucura. Esa loucura foi facendo sinal en min, ata que conseguín un respiro, un sopro de aire fresco, que me acercou máis a liberdade de poder saír daquel cárcere e conseguir poñerlle solución aos meus sentimentos enfrontados. Todo grazas á figura dun cura, que día tras día, polas tardes, me facía compañía e tras largas conversacións nas que o sentimento da esperanza que xa perdera, comezaba a brotar de novo en min, con máis forza e me axudaban a tranquilizarme e acougar, a que pronto todo remataría. Grazas a el puiden endereitar os meus pensamentos, desafoarme das miñas preocupacións, e ao mesmo tempo así poder domar os meus medos máis profundos. O que me levou a entender, a necesidade que temos os seres humanos para aferrarnos a pensamentos extremos en situacións extremas.

Este lento proceso axudoume tamén, a refacer a miña vida, guiarme por outros camiños e a perseguir novos soños, desta maneira a miña vida pegaría un xiro radical, alí entre aquelas catro paredes, transformaríame nun home novo.

Non todo é eterno e conseguín saír daquel tártaro, volver a sentir a brisa do aire movéndome o cabelo, os raios de sol alumeándome na cara, sentir a terra baixo os pés pero sobre todo volver a sentirme persoa e poder poñerlle fin a aquela negra sombra da miña vida. Así o puiden sentir grazas

aos veciños da rúa, cando baixei do coche e me recibiron entre berros e aplausos, que me fixeron estremecer e poder encherme novamente da vida que se me esgotara e satisfacer a tan desexada necesidade de poder volver recibir a calor do fogar. Todo rematará, unha nova vida acababa de comezar.

Accésit na modalidade de relato

A relectura - Omar Mohedano Haz

DÍA 1:

Pois aquí estou, no aeroporto a puntíño de embarcar, co corazón latexándome a toda velocidade. A verdade é que nunca fun de viaxar moito, sobre todo polo tema da linguaxe, pero como desta vez Sandra insistiu tanto non me puider negar. Ademais ela viaxa a miúdo e iso tranquilízame.

Por certo, perdoade pero é que cos nervios non me presenteí. Chámome Xoana e teño dezanove anos, son una rapaza bastante tímida a que lle custa saír e socializar, pero iso si, as poucas amizades que teño non as cambio por nada do mundo.

O avión chegou á mesma hora que saíu, pola diferenza horaria, claro. O noso destino: Marrakech. Abofé que o aeroporto é ben bonito pero saír del non tanto. Carai, na saída está cheo de taxistas e, debemos ter cara de turistas porque non paran de ofrecerse a levarnos. Ben, ou iso creo porque non entendo o que din, menos mal que Sandra si. Díxome que lle pedían quince euros para acercarnos até o hotel pero que o típico en Marruecos é o regateo así que, alá vamos por só dez euros. Sinceramente eu sería incapaz de regatear, a min se me parece un bo prezo acéptoo e se non, non.

Por fin no hotel, a verdade é que lle tiña medo a voar pero aquí acabo de adquirir un novo medo, o taxi. O hotel é bastante acolledor, como sempre Sandra foi quen falou. Para cear déronnos tajine . Como xa é bastante tarde, só imos saír ó balcón a respirar un pouco e logo iremos para cama que mañá é outro día.

DÍA 2:

Bos días, aquí son as oito da mañá. Antes de comezar a visita puxéronnos unhas tortas de mel moi ricas, tiñan unha textura ben curiosa.

Alá imos, co mapa marcado con tódalas cousas que Internet nos dixo que temos que ver. Empezamos pola mesquita da Koutoubia e finalizamos nas Tumbas Saadí. Sinceramente, as cousas que vimos gustáronme pero para chegar a elas non foi moi divertido. Coches, motos e bicicletas por todos lados, sen avisar nin parar. Ademais de tódolos postos nos que os vendedores non paraban de intentar colocarche algo. A pobre Sandra non facía mais que apartarme dos perigos e distraccións, como sempre ando no meu. Desde logo que un regaliño meréceo, case seguro que lle collerei unha lámpada, creo recordar que quería unha.

Volvemos ao hotel sen folgos, coas pernas doloridas. Xa nin ceamos.

DÍA 3:

Hoxe imos con máis tranquilidade, sobre todo despois do duro que foi onte. Estamos nunha tetería ó lado dos xardíns de Majorelle ós que imos ir agora.

Teño que dicir que dá gusto estar nestes xardíns, hai plantas de tódolos lugares do mundo. Por un lado está ben pero gustaríame que houbera máis do continente africano.

O día pasou voando. Agora temos que ir correndo ao hotel polas cousas que o avión sae ás nove e media. No único que penso é en ter que volver no taxi.

DÍA 4:

A viaxe finalizou, xa estou una miña casa. Xa sei que foi curta pero foi intensa, e ademais serviu para que vise que podo saír e viaxar sen problema, a pesar de só falar unha lingua, a de signos.

Teño que recoñecer que tiña bastante medo de saír polo tema de que para min é difícil comunicarme, pero como me di sempre Sandra: total para o que hai que oír.

10º concurso europeo de marcapáxinas

Este ano participaron tanto no concurso, como no proxecto eTwinning Letras Galegas 2020, oito centros educativos galegos e estranxeiros: LS San Giuseppe Calasanzio de Carcare (Italia), IES Cosme López Rodríguez da Rúa, AE Carlos Amarante de Braga (Portugal), IES Castelao de Vigo, IES Praia de Barraña, IES Muralla Romana de Lugo, IES de Monterroso e IES San Clemente de Santiago de Compostela.

A gañadora do primeiro premio foi unha alumna do IES San Clemente. Repartíronse oito premios en total, por valor de 375 euros.

1º premio:

Laura Ferreiro Adrio




2º premio:

Noa Rey



3º premio:

Paulo Vilaça Peixoto




Accésit:

Chiara Guastalli



David Bustelo



Iria Liñares



Ana Díaz Caride



Kevin Rodríguez



Máis info: tinyurl.com/marcapaxinas2020



Día de Europa 2020

O alumnado da sección bilingüe de 1ASIR e do ciclo Estrela PluriFP SMR (ambos en portugués) celebrarían o Día de Europa & eTwinning Day como no ano pasado, visitando un centro socio de Portugal. O proxecto no que traballamos neste ano é Letras Galegas 2020 – Ricardo Carvalho Calero.

Debido á pandemia, a actividade mudouse por outra a distancia. Así, por primeira vez, todo o alumnado do IES foi convidado a participar nun concurso sobre Europa, organizado polo Equipo de proxectos europeos e o EDLG, en base a un Kahoot creado polo mestre David Paz Novoa.

1º premio: Adrián Novio Vilariño

2º premio: Manuel Sestayo Tajés

3º premio: Iván Cerviño Paz

Premio de consolación: Bernabé Villaverde Rodríguez



Proxectos eTwinning

O EDLG coordinou moitos dos proxectos eTwinning desenvolvidos durante o presente ano lectivo, por exemplo:

- Sétima edición de ***Pek, a Pulga Viaxeira***. Décimo primeiro ano deste proxecto no que as linguas de traballo son, en igualdade de condicións: galego, francés, portugués, italiano, checo, grego, romanés e inglés.
- Décima edición de ***Christmas Card Exchange***, grazas ao cal as postais en galego do noso alumnado viaxan a centros de toda Europa.
- Décima edición de ***Letras Galegas***, proxecto que conseguiu o Selo de Calidade eTwinning en España, Francia, Italia, Polonia e Portugal, que trata cada ano sobre a obra dun autor ou autora de Galiza.

Ademais:

- Obtivemos o ***Selo de Calidade Europeo eTwinning*** por un proxecto do EDLG do ano pasado: Letras Galegas 2019 - Antón Fraguas Fraguas.
- Celebramos o Día Internacional da Internet Segura e o eTwinning Day, requisitos para renovarmos o ***Selo eTwinning School***.
- Renovamos o Selo eTwinning School por dous anos máis.

Podedes ampliar información sobre os proxectos eTwinning do IES San Clemente nesta ligazón:

www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning



Outras actividades

Itinerancia de "ARTEspazo Autoestima"

Neste ano comezou a viaxe da exposición creada colaborativamente durante o ano pasado co IES de Poio, o IES Leliadoura e o CEIP de Sestelo-Baión.

Deportistas galegas



O alumnado do IES San Clemente en colaboración co IES Ordes e IES de Arzúa, elaboraron unha moi completa presentación sobre deportistas galegas de distintos ámbitos.

iessanclemente.net/tag/presentacions_edlg



OPS+

Por primeiro ano, e tras varias edicións do obradoiro OPS! (O Português Simples), o Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago asignounos o obradoiro Sabemos Português, tamén coñecido como OPS+. Nesta ocasión contamos coa presenza de Loaira Martínez, da Associação Galega da Língua, e coa participación activa do alumnado de 1SMR.

iessanclemente.net/2019/11/26/ops-2019/



Pek10

Este ano tivemos a celebración do 10º aniversario do noso proxecto eTwinning Pek e festexamos, con alumnado e profesorado, un día tan especial.



iessanclemente.net/pek10/



